

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo, informa o seguinte:

1º.- Que o 18 de febreiro de 1964 foi aprobado o Consorcio que para o monte "DAS FOXAS E OUTROS" LU-3238, como pertencente á parroquia de Mazoi, subscribíran o Concello de Lugo e o Patrimonio forestal do Estado.

2º.- Que o 22 de setembro de 1976, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común tomou o acordo de clasificar como tal o denominado "DE MAZOI", pertencente á Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Mazoi, concello de Lugo. Publicado dito Acordo no B.O. da Parovincia, nº 230, do martes 7 de outubro do mesmo ano, non se presentou nin intereso recurso algún contra él polo que é firme.

3º.- Que o 27 ^{de maio} ~~do mes en curso~~, a Xunta Rectora da citada Comunidade, conforme co acordado por ésta reunida en Asemblea Xeral o pasado 22 de marzo, acordou a súa vez:

- propoñer á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes a sinatura dun Convenio que afectase as 30 Hás. da súa pertenza actualmente incluídas no monte "DAS FOXAS E OUTROS", e.

- solicitar da Consellería que o Convenio anulase e substituíse o vixente Consorcio do monte "DAS FOXAS E OUTROS",

- autorizar ó seu Presidente para sinatura do Convenio.

4°.- Que en consecuencia, o novo monte "DE MAZOI", queda constituido por:

30 Hás. do monte "DAS FOXAS E OUTROS", LU-3228.

5°.- Que o Convenio ten por obxecto a incorporación do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior, a conservación e tratamentos selvícolas das masas creadas, o seu aproveitamento e a execución das obras e traballos complementarios e auxiliares concordades con tales fins.

6°.- Que as superficies do monte "DAS FOXAS E OUTROS", Lu-3238, eran:

superficie total.	41 Hás.
superficie repoboada.	40 "
superficie inforestal.	1 "

Como o monte "FOXAS, GRAÑEDOS E PEDROUZAS", 2715719, pasaron.

superficie total:	11 Hás.
superficie repoboada.	11 "

as actuais, son:

superficie total.	30 Has.
superficie repoboada.	29 "
superficie inforestal.	1 "

O convenio do monte "DE MAZOI" pasan a totalidade, é dicir:

superficie total.	30 Hás.
superficie repoboada.	29 "
superficie inforestal.	1 "

7º.- Gastos por traballos e ingresos do monte "DAS FOXAS E OUTRAOS", LU-3238.

Conforme coas Certificación que se adxuntan, son as seguintes:

a) Gastos por traballos:

o 31-12-1995:	2.049.295,-Ptas.
pasados o m/"FOXAS, GRAÑEDOS E PEDROUZOS",	
2715719	563.556,- "
saldo actual:	1.485.739,- "

o 31-12-1986, ano en que se clasificou co-
mo en man común o monte da Comunidade de -
Mazoi 2.049.295,- Ptas.

A ter en conta conforme coa Disposición Adicinal
Segunda da Lei de Galicia, 13/1989, do 10 de outubro:

<u>29</u> x 1.485.739,-Ptas. - <u>29</u> x 2.029.295,-Ptas.	0.-Ptas
29	40

b) Ingresos:

o 31-12-1995:	663.975,- Ptas.
pasados o m/"FOXAS, GRAÑEDOS E PEDROUZOS",	
2715719	160.002,- "
saldo actual:	503.973,- "

8º.- E qu os gastos que por traballos, administración e gardería, así como os ingresos, que das contas do Consorcio do monte "DAS FOXAS E OUTROS", LU-3238, pasan a conta do Convenio do monte "DE MAZOI", son:

a) GASTOS.-

traballos:	0,-Ptas.
administración : <u>7,85</u> x 0,- Ptas.	0,- "
100	
gardería: 29 Hás. x 465,-Ptas./ Há.	13.485,- "
<u>TOTAL GASTOS.</u>	<u>13.485,- Ptas.</u>

b) INGRESOS.-

<u>29 Hás.</u> x 503.973,- Ptas.	503.973,-Pts.
29 Hás.	
<u>TOTAL INGRESOS.</u>	<u>503.973.-Ptas</u>

9º.- E que como os ingresos son superiores os gastos, a conta do convenio do monte "DE MAZOI", se abre cun saldo de:

.....	0,-Pts
	=====

Á vista de todo elo, propoñemos a V.E.:

1º.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome do monte: "DE MAZOI".

Elenco: 2715859.

Superficie: 30 Hás.

Pertenza: Comunidade de Mazoi.

Concello: Lugo.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre o anticipo: 50%. 1º/.

Participación da comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2º.- Que a conta do Convenio do monte "DE MAZOI", 2715859, se abra cun saldo de 0,- pesetas, sen prexuício dos gastos e ingresos puidesen te-las contas do Consorcio do monte "DAS FOXAS E OUTROS", LU-3238, con posterioridade a data de seu peche.

3º.- Que se cancele o Consorcio do monte das seguintes características:

Nome: "DAS FOXAS E OUTROS".

Elenco: LU-3238.

Superficie: 30 Has.

Pertencente: Parroquia de Mazoi.

Concello: Lugo.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 1996.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS,



Asdo.: Plácido Baamonde López.

VºBº

O DIRECTOR XERAL,



Asdo.: Carlos del Álamo Jiménez.

ILMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.-

Visto o expediente de transformación total do consorcio LU-3238 do Monte "DAS FOXAS E OUTROS" nun convenio entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e a comunidade de veciños da parroquia de Mazoi, do Concello de Lugo, propietaria do Monte Veciñal en Man Común "DE MAZOI" integrado polas 30 Hás. consorciadas do citado Monte "DAS FOXAS E OUTROS" e a vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Lugo, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio, nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, ó artigo 57 do devandito Real Decreto, así como a Lei 13/89 de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 1996.

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,

A blue circular stamp of the Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, is placed over a handwritten signature. Below the signature, the text 'Asdo. M.ª José Tato Rocha.' is printed.

ILMO. SR DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica, e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo.

R E S O L V O

1º.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome do monte: "DE MAZOI".

Elenco: 2715859.

Superficie: 30 Hás.

Pertenza: Comunidade de Mazoi..

Concello: Lugo.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre ó antaicipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2º.- Que da conta do Convenio do monte "DE MAZOI", 2715859, se abra cun saldo de 0,- pesetas, sen perxuício dos gastos e ingresos que puidesen te-las contas do Consorcio do monte "DAS FOXAS E OUTROS", LU-3238, con posterioridade a data do seu peche.

3º.- Que se cancele o Consorcio do monte das seguintes características:

Nome: "DAS FOXAS E OUTROS".
Elenco: LU-3238.
Superficie: 30 Has.
Pertenza: Parroquia de Mazoi.
Concello: Lugo

Santiago de Compostela, 24 de xuño de 1996.

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO



Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

(O. do 13-12-93)

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL. -

CONVENIO

N.º	271	5859
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a de de mil novecentos noventa e

REUNIDOS

Dunha banda, D. ANTONIO LUIS ROSON PEREZ, por Delegación do Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da ~~representación que legalmente ostenta~~ Orde de 13.12.1993.

Da outra, D. GERARDO BAO VEIGA como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común "DE MAZOI" , segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

EXPOÑEN

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do 18 de Febreiro de 1.964 para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Mazoi, termo municipal de Lugo

e son os que a continuación se describen:

Denominación: "DE MAZOI".

Termo municipal: Lugo

Provincia: LUGO

Situación administrativa e legal: Monte veciñal en man común pertencente a Comunidade integrada da polos veciños da parroquia de Mazoi, termo municipal de Lugo.

Límites: PARCELA I.-
N.- Termo municipal de Outeiro do Rei;
N.: L.- Propiedades particulares;
S.- Propiedades particulares e
S.: O.- Monte "FOXAS, GRANELO E PEDROUZOS", 2715719.

PARCELA II.-
N.- Termo municipal de Outeiro do Rei;
L.: L.- Propiedades particulares;
S.- Propiedades particulares e
O.: O.- Propiedades particulares.

Superficie: 30 (TRINTA) Hás.

Estado forestal: 29 (VINTENOVE) Hás. repoboadas e 1 (UNHA) Há. inforestal.

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: ---

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula:
29 (VINTENOVE) Hás.

Sen vexetación arbórea: 1 (UNHA) Há.

Servidumes: ---

3ª.— O chan continuará pertencendo a Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Mazoi, termo municipal de Lugo

que achega ó convenio:

- A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- Os terreos descritos na cláusula segunda.
- O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o cincoenta por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante cincoenta por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do un por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualizar as contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerárase anticipo e, a partir del, aplicáraselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: 30 Hás. do monte "DAS FOXAS E OUTROS", LU-3238.

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o trinta por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o setenta por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o — por cento, e a comunidade propietaria, o — por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscristible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de trinta anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que substentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— ~~A especie utilizada para a repoboación forestal obxecto deste convenio será~~ O monte está repoboado con P. pinaster e P. radiata.

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don NILO FERNÁNDEZ ORTIZ, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común " MAZOI ", veciños da parroquia de Santa Eulalia de Mazoi, concello de LUGO - Rexistrados co nº 0513, data do rexistro 16-04-96.—

2.— Que, así mesmo, figura Don GERARDO BAO VEIGA, e Don JOSÉ MARÍA FLORES TEIJEIRO, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica 6 22-03-2.000

E para que conste, expido a presente certificación en Lugo, a 27 de maio de 199 6.



Don JOSE MARIA FLORES TEIJEIRO, Secretario de Comunidade de Mazoi, termo municipal de Lugo.

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 22 de Marzo de 1.996 estando designado Don GERARDO BAO VEIGA, Presidente representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Ma-zoi (Lugo) a vintesete de Maio de mil novecientos noventa e seis.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

O PRESIDENTE,

Asdo.: Gerardo Bao Veiga.

Asdo.: José María Flores Teijeiro.

D. CARLOS DEL ALAMO JIMÉNEZ, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,

Asdº.: Gerardo Bao Veiga.

Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO XERAL,



Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.
(O. do 13/12/93)

D. Gerardo Bao Veiga
D. José Maria Flores Teijeiro
D. José Luis Cancea Mouriz
D. Serafin Parga Valiña
D. Felix González Fernández
D. José Manuel Piñeiro Losada

En el lugar de Mazoi, término municipal de Lugo, siendo las trece horas del día 27 de Mayo de 1.996, se reunen los vecinos que integran la Junta Rectora de la Comunidad de Mazoi, cuya relación figura al margen.

Cumplíendose la mayoría reglamentaria y conforme con lo acordado por la Comunidad, reunida en Asamblea General el 22 de Marzo del año en curso, acuerdan a su vez:

1º.- Proponer a la Consellería de Agricultura, Gandería e Montes de la Xunta de Galicia la firma de un Convenio que afecte a las 30 Hás. de su pertenencia actualmente incluidas en el monte "DAS FOXAS Y OTROS", consorciado por el Ayuntamiento de Lugo con el Patrimonio Forestal del Estado, con lo que las características del monte a conveniar, serán:

Nombre: "DE MAZOI".

Superficie: 30 Hás.

Límites:

PARCELA I.-

- N.- Término municipal de Otero de Rey;
- E.- Propiedades particulares;
- S.- Propiedades particulares y
- O.- Monte "FOXAS, GRAÑEDOS E PEDROUZOS", de la Comunidad de Pias.

PARCELA II.-

- N.- Término municipal de Otero de Rey;
- E.- Propiedades particulares;
- S.- Propiedades particulares y
- O.- Propiedades particulares.

2º.- Solicitar de la Consellería que el Convenio anule y sustituya al vigente Consorcio del monte "DAS FOXAS Y OTROS".

3º.- Autorizar a su Presidente para la firma del Convenio.

Y no habiendo mas asuntos que tratar, se cierra el Acta en el lugar y fecha al principio indicados, firmando de conformidad.

Gerardo Bao *José Maria Flores* *Felix González*

Serafin Parga

José M. Piñeiro

José L. Cagab